

# Panel Experiencias Campus Saudable

Sergio Santos del Riego<sup>1</sup>, Manel Sabés<sup>2</sup>, Manuel Soto Castiñeira<sup>1</sup>, Javier Rial Boubeta<sup>3</sup>, Román Lago Bea<sup>3</sup>

<sup>1</sup>Universidade da Coruña

<sup>2</sup>Universidad UAB

<sup>3</sup>Universidade de Vigo

## *Intervención Sergio Santos del Riego (Moderador)*

Na Carta de Ottawa (1986) establécese a necesidade de definir contornos que apoién a saúde. Nas universidades, os estudantes, profesorado e persoal da administración e servizos desenvolven rutinas cotiás en espazos de docencia e de investigación, de ciencia e tecnoloxía, aínda que apóstase progresivamente por converter estas institucións en entes máis humanistas transformadores da sociedade para mellora da calidade das nosas vidas. Nas universidades promóvese a saúde individual e comunitaria dos homes e mulleres, que afectan ao seu benestar, tendo en consideración determinantes persoais, sociais, organizativos, económicos, culturais e medioambientais, entre outros.

Desde a súa creación no ano 1989, a Universidade da Coruña (UDC) vén realizando programas e actividades en consonancia con principios saudables, sustentables e inclusivos.

A UDC Saudable inspirouse no Plan estratéxico UDC 2013-2020, que se aprobou no claustro na súa sesión do 4 de decembro de 2013, e tamén nos plans de actuación específicos das distintas oficinas, unidades e servizos xa existentes, entre outros, a Área de Deportes, a Unidade de Prevención de Riscos Laborais,

a Unidade de Atención á Diversidade, a Oficina de Medio Ambiente, o Servizo de Arquitectura, Equipamento e Urbanismo, a Oficina de Cooperación e Voluntariado, a Oficina para a Igualdade de Xénero, o Servizo de Asesoría e Promoción do Estudante, a Área de Cultura e a Universidade Sénior.

Neste contexto, a UDC Saudable xorde, aprobada no Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014, xunto coa integración na Rede Española de Universidades Saudables (REUS), coa idea de converter a UDC nun referente de compromiso coa saúde, o benestar e a calidade de vida. É un proxecto aberto, dinámico e modificable que integra unidades dependentes organicamente de diversas vicerreitorías, e con novas liñas de actuación asistencial, docente, investigadora e comunitaria. Na mesma, apóstase por fomentar o compromiso e a participación dos universitarios na promoción e alfabetización en materia da saúde, a prevención da enfermidade, a sustentabilidade social, política, económica e medio ambiental, nos fundamentos dos Dereitos Humanos e nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas para 2030. Tamén, tómanse en consideración as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) sobre as Habilidades para a Vida e os documentos e propostas dos organismos e universidades que forman parte da REUS e da Rede Iberoamericana de Universidades Saudables (RIUPS). Co data de 20 de decembro de 2016, o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad certifica a coparticipación bilateral coa UDC na Estrategia de Promoción de Salud y Prevención del Sistema Nacional de Salud.

Na UDC Saudable establécense liñas estratéxicas e traballo en rede, transversal, inter e transdisciplinar para promover a saúde o benestar e a calidade de vida dos membros da universidade, con proxección á comunidade,... a tódalas persoas, así como para fomentar as estratexias mencionadas na docencia e na investigación. A estrutura organizativa, ademais dos responsables (Vicerreitora de Responsabilidade Social e Director da oficina) conta cunha Comisión Técnica, nomeada polo Consello de Goberno da UDC, e conformada polos

responsables das diversas oficinas, unidades e servizos, e dunha Comisión de Apoio, coa participación de representantes de facultade e escolas da UDC, e dalgúns departamentos e grupos de investigación.

Na súa curta existencia, a UDC Saudable vén desenvolvendo moitas accións, a título de exemplo: desde 2015 celebra a Semana UDC Saudable, en torno ao día 7 de outubro, celebración nacional das universidades saudables; implantación do programa Quérote + UDC e desenvolvemento nalgúns edificios da Sinaléptica “Mellor a Pé”, ambos programas da Xunta de Galiza, participación proactiva nos recetarios de temporada e diversas iniciativas da REUS, políticas de concienciación e comunicación, actividades de sensibilización, formación en boas prácticas e apoio aos centros, departamentos, oficinas, unidades e servizos, onde quero mencionar especialmente a intensa e enriquecedora colaboración coa Oficina de Medio-Ambiente. De gran interese, un dos obxectivos do plan estratéxico da universidade é o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións para proporcionar unha formación integral aos estudantes. Con este fin, aprobáronse novas competencias transversais no Consello de Goberno do 31 de maio de 2017 relacionadas coas habilidades para a vida; hábitos, rutinas e estilos de vida saudable; propostas de desenvolvemento sustentable, accións para o exercicio dunha cidadanía respectuosa, democrática, inclusiva e con perspectiva de xénero, así como coa mellor xestión do tempo e dos recursos. A maiores, a implantación permitiu detectar algunhas debilidades en relación coas estratexias de alimentación ou a atención psicopedagóxica derivadas das necesidades dos estudantes, plantexándose solucións e melloras paulatinas.

Desde a UDC Saudable promovemos a participación proactiva entre os centros, departamentos e oficinas, unidades e servizos da UDC, así como coas pertinentes institucións, organismos e asociacións locais, autonómicas e nacionais.

Apostamos por unha Universidade Transformadora e apostaríamos, se houbera lugar, por unha Rede Galega de Universidades Saudables en colaboración coa Xunta de Galiza (Consellerías de Sanidade; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Política Social).

Agradezo a invitación do Presidente do Foro Internacional de Innovación e da Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente da UDC para presentar e moderar o panel, así como a presenza dos principais representantes das tres Universidades Galegas (Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e UDC), da Universidad Autónoma de Barcelona e, moi especialmente, da Presidenta honorífica da REUS, Profa. Carmen Gallardo Pino, da URJC.